



ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL

ARTEIXO

Servicios Técnicos Área de Obras

Convocatoria para o pago e levantamento de actas de ocupación dos bens e dereitos afectados polas obras de Regularización viaria rúas República Salvador, Nicaragua, Cuba, Honduras, Costa Rica e Cidade de Montevideo

EXPEDIENTE: 2024/U040/000008

En cumprimento do disposto no artigo 49 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa, a Xunta de Goberno Local do Concello de Arteixo, en sesión ordinaria celebrada o día 4 de setembro de 2025, acordou convocar aos titulares dos bens e dereitos afectados polo expediente de expropiación incoado para levar a cabo as obras de “Regularización viaria rúas República Salvador, Nicaragua, Cuba, Honduras, Costa Rica e Cidade de Montevideo”. O devandito acto terá lugar o día **22 de outubro de 2025, no Departamento de Obras do Concello de Arteixo, Travesía de Arteixo, 249 – 3º Andar**, convocándose aos titulares, co fin de proceder ao pago do importe da valoración establecida pola ocupación dos bens e dereitos afectados, ese día a hora que se indica a continuación:

Nº	Ref. Catastral	Titular Catastral	Hora
1	9850401NH3995S0001QK	Pan Campos Jose [Herederos De]	9:30
2	9850402NH3995S0001PK	Pan Campos Jose [Herederos De]	
3	9850429NH3995S0001GK	Pan Campos Jose [Herederos De]	
4	9850424NH3995S0001HK	Iglesias Martinez Fernando	10:00
5	9850423NH3995S0001UK	Iglesias Rodriguez Maria Juana	10:30
6	9751105NH3995S0001GK	Descoñecido	10:30
7	9751106NH3995S0001QK	Iglesias Vazquez Maria Del Carmen, Iglesias Vazquez Antonio Arsenio, Iglesias Vazquez Arsenio E Iglesias Vazquez Pablo Jenaro	11:00
8	9751107NH3995S0001PK	Iglesias Vazquez Maria Del Carmen, Iglesias Vazquez Antonio Arsenio, Iglesias Vazquez Arsenio E Iglesias Vazquez Pablo Jenaro	11:00
9	9750903NH3995S0001QK	Suarez Santos Vanesa Maria E Santos Pena Maria Milagros	11:30

O pagamento efectuarase polo Pagador deste Concello aos propietarios das fincas.

O presente acordo faise público, para xeral coñecemento, advertindo aos titulares que o pagamento farase precisamente aos que figuren como donos da cousa ou titulares do dereito expropiado, non admitíndose representación senón por medio de poder debidamente autorizado (notarial, xudicial ou do consulado), xa sexa xeral ou particular para este caso, debendo achegar a documentación necesaria para acreditar a sucesión en caso de figurar o terreo a nome de herdeiros; e que deberán identificarse co Documento Nacional de Identidade.

Así mesmo comunícaselle que deberán comparecer ao acto xuntando as escrituras de propiedade das fincas.

No suposto de non comparecer ou non poderse efectuar o pagamento ós titulares, procederase á consignación do importe na Caixa Xeral de Depósitos.

Coincidindo co acto de pagamento, procederase ao levantamento das actas de ocupación correspondente.

O pagamento ou depósito do importe da valoración establecida producirá os efectos previstos nos números 6, 7 e 8 do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, sen prexuízo de que continúe a tramitación do procedemento para a definitiva fixación do xusto prezo.

Arteixo, 8 de setembro de 2025

Asdo. José Antonio Calvelo Añón. Concelleiro delegado de Medio Urbano e Medio Rural.

Por delegación, Decreto 1243/2025 de 8 de maio de 2025

2025/5875